

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS (ANFACO-CECOPECA) PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DAS CONSERVAS DE PRODUTOS PESQUEIROS NO ANO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Antonio Basanta Fernández, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos – Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (en adiante ANFACO-CECOPECA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 12 de xaneiro de 2024 ata o 15 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e ANFACO-CECOPECA para a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros e a mellora da súa comercialización.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. XORNADAS PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR

A contorna económica, social e medioambiental actual abre novos retos e desafíos para as empresas do tecido industrial conserveiro e transformador de produtos da pesca e da acuicultura de Galicia, que deben facer un esforzo constante de planificación e organización para manter un alto índice de competitividade.



Neste sentido é moi importante que as empresas teñan coñecemento de tódolos cambios legislativos e novidades que nestes ámbitos están previstos para poder adaptarse e beneficiarse das oportunidades que ofrecen na súa actividade profesional.

Por iso, na procura dunha economía azul e co obxectivo de fomentar e facilitar una actividade sostible nos desempeños profesionais do noso tecido industrial, o seu acceso a novos mercados e as tecnoloxías, propónse a realización de 3 xornadas relacionadas coas temáticas que resultan claves para o sector conserveiro e transformador, como poden ser a sustentabilidade, a internacionalización, a transformación dixital, a seguridade alimentaria, o *marketing* ou I+D+i.

Estas xornadas promoverían a colaboración e a sinerxía entre diferentes empresas conserveiras e transformadoras, ademais destacando as fortalezas e oportunidades específicas que Galicia ofrece neste sector, as xornadas servirían coma un catalizador para atraccións de investimentos e apertura de novos mercados, reforzando así a competitividade global deste sector e da rexión.

2. PROMOCIÓN NO ÁMBITO INTERNACIONAL

A promoción das conservas de peixe e marisco a nivel internacional posúe un papel crucial para Galicia. Esta rexión costeira de España é recoñecida non só pola tradición pesqueira e de transformación, senón tamén pola calidade excepcional das súas conservas e produtos do mar que hoxe en día atopamos en máis de 110 países.

Na contorna económica actual, a internacionalización é unha das pancas de crecemento para o sector que busca consolidar a súa posición nos seus principais mercados ó tempo que desenvolve estratexias de diversificación.

Polo tanto, resulta imprescindible apoiar e acompañar as empresas no acceso os seus mercados prioritarios no exterior.

Co obxectivo de potenciar e promocionar a imaxe exterior do sector industrial transformador e conserveiro de produtos da pesca e da acuicultura de Galicia e impulsar a súa presenza nos seus mercados prioritarios, proponse promocionar os produtos de mar e da acuicultura en conserva de Galicia en feiras de alimentación internacional estratéxicas para o sector, como por exemplo: Gulfood (19-23 de febreiro de 2024); Foodex Japan (Xapón, 5-8 de marzo de 2024), Seafood Expo Global (Barcelona, 25-27 de abril de 2023), SIAL (París, del 19-23 de outubro de 2024), podendo ser consideradas outras opcións se fora necesario.

Deste xeito, realizarase:

- A participación e promoción dos produtos nas feiras.
- A realización de eventos de presentación / degustación dos produtos do mar de Galicia.
- A realización dunha prospección destes mercados exteriores prioritarios visitando diferentes puntos de venta para a análise da oferta de produtos da pesca e da acuicultura.

3. ACTIVIDADES GASTRONÓMICAS

A realización de actividades gastronómicas desempeña un papel fundamental no contexto de mellora da comercialización e consumo de conservas de peixe e marisco en Galicia ós diferentes públicos. Estas iniciativas non só ofrecen unha plataforma para promover os produtos da rexión, senón que tamén contribúen a ofrecer unha experiencia directa ós distintos consumidores, que permite saborear e apreciar a calidade única destes produtos.

Ademais nestas actividades gastronómicas pódese comunicar a historia detrás do proceso de elaboración destes produtos, creando unha narrativa que chegue os consumidores e fomente a súa confianza nas conservas de peixe e marisco.



Estas actividades aumentan tamén a visibilidade e demanda de conservas de Galicia, e contribúen a informar ós diferentes públicos sobre as características dos produtos e a súa versatilidade á hora de formar parte dun abanico de posibilidades culinarias.

A maiores favorécese unha educación gastronómica e cultural, fomentamos hábitos alimenticios saudables ofrecendo una opción de alimentación nutritiva e equilibrada, axudando a apreciar e a preservar a tradición culinaria da rexión e cultivando unha nova xeración de consumidores que valoran e elixen produtos de calidade.

Polo tanto, nunha contorna de diminución do consumo de produtos do mar e co obxectivo de reactivar a demanda por parte dos consumidores actuais e potenciais, chamando á atención en especial dos xoves, propónse o desenvolvemento de diversas accións de promoción como poden ser showcookings; degustacións, catas; mari-daxes, etc. en diversos contextos como eventos, festas e festivais gastronómicos; eventos deportivos; centros educativos, entre outros.

4. ELABORACIÓN, EDICIÓN E IMPRESIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL E INFORMATIVO

Os materiais de promoción e informativos proporcionan unha ferramenta tanxible e atractiva para comunicar información dos produtos, procesos e actividade do sector, ademais poden ser empregados coma un recurso educativo e distribuídos en eventos, feiras e puntos de venda, entre outros, ampliando así a visibilidade do sector.

Co obxectivo de promocionar o consumo, acercar estes produtos do mar ós diferentes públicos e aumentar o coñecemento sobre as conservas de peixe e marisco, propónse a realización de materiais de promoción e informativos en distintos idiomas, como por exemplo: folletos, *merchandising*, entre outros.

5. ACCESIBILIDADE DIXITAL AO PATRIMONIO CONSERVEIRO

A accesibilidade dixital do patrimonio cultural da industria conserveira industrial é crucial nesta era. A dixitalización e a mellora do acceso online deste patrimonio non



só facilita a súa conservación a longo prazo, senón que tamén amplía o seu alcance e relevancia. Un maior acceso e difusión do catálogo dixital permite ós visitantes explorar virtualmente a riqueza do patrimonio industrial, independentemente da súa localización xeográfica. Isto non só democratiza o acceso á información, senón que tamén fomenta a educación e a apreciación da historia do sector mar-industria.

6. CAMPAÑA PROMOCIONAL NA CONTORNA DIXITAL

Dado o continuo crecemento de novos usuarios na internet e sobre todo nas redes sociais, e tendo en conta, que, segundo o último estudo dispoñible da IAB1, o 85% dos internautas de entre 12 e 74 anos empregan redes sociais, consideramos de capital importancia que as empresas e organizacións se atopen na contorna dixital, para poder ofrecer as respostas pertinentes ás demandas dos diferentes públicos.

Así, co obxectivo de promocionar e mellorar a comercialización de conservas de produtos pesqueiros, trasladando as características das conservas de peixe e marisco, xerando penetración destes produtos e situando ás conservas de produtos do mar na mente dos consumidores como un produto seguro, saudable, nutritivo e versátil, propónse a realización dunha campaña de promoción dixital que permita empregar os canais de comunicación que a internet ofrece, para trasladar as mensaxes chave para o sector.

Como parte desta campaña dixital, contéplase, entre outras posibilidades, o deseño e realización dun vídeo de promoción sobre as conservas de peixe e marisco e o sector conserveiro e transformador, o deseño de contidos específicos para a campaña en diferentes formatos, como ilustracións, imaxe fixa, imaxes en movemento (gifs) que serán promocionados nos diferentes canais, a colaboración con prescriptores pertencentes ós sectores de saúde, nutrición, gastronomía, deporte, entretemento,... de forma que os internautas podan aprender de forma entretida.

Desta forma manterase a presenza das conservas de peixe e marisco na contorna dixital, darase a coñecer estes produtos a potenciais consumidores, promocionaríanse



as súas características e daríase resposta ás necesidades dos usuarios, tentando de aumentar e mellorar a comercialización destes produtos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos".

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

ANFACO-CEPOPESCA é unha asociación, sen ánimo de lucro, representativa da práctica totalidade do sector conserveiro dos produtos pesqueiros. Entre os seus fins está a realización de todas aquelas accións encamiñadas á promoción dos produtos derivados da pesca, o marisqueo e a acuicultura. Sendo a única asociación do sector conserveiro, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrência competitiva con outras asociacións do sector.

A Consellería do Mar e ANFACO-CECOPESCA están interesados na potenciación do sector da conservación e transformación dos produtos pesqueiros en Galicia, así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta industria, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das conservas de produtos pesqueiros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

